

Recurso nº 63/2019**Resolución nº 62/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 20 de marzo de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por dona P.G.L. actuando en nome e representación de SUYMA PLUS MADERA S.L. contra os actos da mesa de contratación no procedemento de licitación para a subministración sucesiva e por prezos unitarios de mobiliario de oficina con destino á Administración de Xustiza de Galicia, promovido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, expediente 219-SUXU 01-LU, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convocouse a licitación do contrato para a subministración sucesiva e por prezos unitarios de mobiliario de oficina con destino á Administración de Xustiza de Galicia, cun valor estimado declarado de 759.491,74 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de contratos públicos de Galicia o día 21.12.2018 e no DOUE do 26.12.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en diante).

Terceiro.- O recorrente impugna a actuación da mesa de contratación relativa á admisión da empresa SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.

Cuarto.- O día 26.02.2019 SUYMA PLUS MADERA S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Quinto.- O recurso, acompañado do expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP) foi remitido polo órgano de contratación a este Tribunal o día 14.03.2019.

Sexto.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- A recorrente no seu suplico dirixe a súa impugnación *“contra las actuaciones de la mesa de contratación de 4 de febrero de 2019, 12 de febrero de 2019 y el informe técnico de 11 de febrero de 2019, en las que se admiten, valoran y clasifican las proposiciones presentadas al procedimiento de contratación”*, o que esixe que analicemos a este respecto a admisibilidade do recurso presentado.

As actuacións ás que se refire o escrito de impugnación foron as seguintes:

- En sesión do día 4 de febreiro, a mesa de contratación examina a documentación requirida ás empresas SUYMA PLUS MADERA S.L. e

SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L. e procede, a continuación, á apertura dos sobres B das tres empresas que continúan no procedemento, incluídas as dúas anteriores. Á vista das súas propostas económicas, a mesa estima que a oferta da empresa KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA se atopa na situación de baixa desproporcionada polo que lle solicita que xustifique a súa oferta económica. A acta desta sesión consta publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia con data 04.02.2019.

- Na sesión do día 12 de febreiro, a mesa de contratación clasifica as ofertas das únicas empresas que continúan no procedemento, SUYMA PLUS MADERA S.L. e SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L., en base ao informe técnico emitido o día 11.02.2019, e propón como adxudicataria é entidade SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L. A acta desa sesión publícase na Plataforma o día 12.02.2019.

Polo tanto, e á vista da impugnación realizada, resultan as seguintes consideracións sobre a admisibilidade do recurso.

En canto á impugnación referida á acta do 04.02.2019 e tendo en conta as datas da súa publicación e de interposición deste recurso, xa debemos indicar que este sería extemporáneo de conformidade co sinalado no artigo 50 da LCSP.

Ademais, tamén debemos sinalar que un aspecto moi relevante para analizar a admisibilidade do recurso especial contra decisión de admisión de ofertas é a lexitimación ad causam de quen pretende a través deste recurso especial a exclusión doutro licitador. Así, nunha licitación coma a presente onde existían nese momento procedimental máis competidores que a recorrente e a adxudicataria, a agora recorrente non tiña coñecemento certo dunha exteriorizada clasificación das ofertas, a efectos de apreciar nesta o seu interese para que, nese momento do procedemento, poida caber esa impugnación.

Por outra banda, a impugnación que se refire á acta de 12.02.2019 tampouco pode ser admitida. Esa sesión procede, como sinalamos, á clasificación das ofertas e a formular a correspondente proposta de adxudicación, pero non adxudica o contrato, decisión que corresponde ao órgano de contratación.

O artigo 44.2.b LCSP dispón que poderán ser obxecto do recurso especial

“Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerárase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a inadmisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149”.

No suposto examinado, o resolto pola mesa de contratación no sentido de propoñer a adxudicación do expediente de contratación, non é de por si un acto que produza indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos. De feito, tal proposta require dunha ulterior decisión do órgano de contratación (no mesmo sentido, Resolución TACGal 32/2018 ou 129/2018), a cal incluso non ten que ser coincidente con aquela proposta, polo que só nese momento existirá un acto de adxudicación, sobre o que cuestionar o que se estime respecto que a mesma recaia en determinada oferta.

En consecuencia, sen prexulgar ningún outro aspecto desta acción impugnatoria, e con base no establecido no artigo 55 c) e d) da LCSP procede xa declarar a inadmisión deste recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por SUYMA PLUS MADERA S.L. contra os actos da mesa de contratación no procedemento de licitación para a subministración sucesiva e por prezos unitarios de mobiliario de oficina con destino á Administración de Xustiza de Galicia, promovido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.